




CIRCULAR INFORMATIVA

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR



CONVOCATORIA: de acordo coa *RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024*, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a dous pai/nai, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 12 de novembro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día 12 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais e nais que non se presenten como candidatos/as, o día 12 de novembro, ás 14:00 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a director/a do centro, que actuará como presidente, e 2 pais/nais ou titores legais, actuando de secretario/a a persoa de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 11 ao 18 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio.



6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse o 19 de novembro no seguinte horario:

- Dende as 13:00 ata as 15:30.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o/a titor/a legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL

María Remedios González Cabarcos

